# Guía rápida para candidatos e candidatas

## Bolsa de emprego

XUNTA DE GALICIA
CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL UNIVERSIDADE LABORAL

Gabit

# Acceso

O acceso para candidatos e candidatas realízase a través da páxina principal. Premendo no botón “**Acceso**” e inserindo o seu correo electrónico e contrasinal. En caso de que a persoa non se atope aínda rexistrada poderá facelo premendo en “**Rexistro**”.




💡 En caso de esquecer o contrasinal de acceso pode premer en “¿Non lembras o contrasinal?” e enviarase un novo por correo electrónico á conta rexistrada.

# Rexistro

Dende **"Rexistro"** calquera empresa colaboradora poderá solicitar o acceso á bolsa indicando o documento oficial de identidade co que está matriculado no centro e aceptando as condicións de uso. Recibirá un correo electrónico na dirección coa que realizou a matrícula coas credenciais de acceso.



# Táboa de contidos


01 **Panel de control**

Acceso rápido ás operacións que pode realizar como candidato ou candidata.

02 **Configurar perfil**

Configuración do seu perfil de candidato/a para mellorar a súa presencia na bolsa e dar máis información aos empregadores.

03 **Editar Currículum**

Consulta e actualización do currículum profesional que será enviado nas solicitudes de ofertas de emprego.

04 **Buscar ofertas de emprego**

Consultar as ofertas publicadas na bolsa por familia profesional e ciclo formativo.

# 01

# Panel de control

Acceso rápido ás súas funcionalidades na bolsa

# Panel de control



- Vista xeral para as opcións de candidato/a.
- Configuración do **perfil** para mellorar a súa presenza na bolsa.
- **Consulta e modificación do currículum**.
- Acceso á **busca de ofertas de emprego** que permite filtrar por familia e ciclo formativo aos que están destinadas as ofertas.



# 02
# Perfil

Configuración do perfil
e cambio de contrasinal

# Perfil

Pode modificar o seu perfil de candidato/a, para **mellorar a súa presencia** e destacar nas ofertas de cara aos empregadores. Ademais, poderá engadir unha **foto**, o seu **perfil en LinkedIn** ou **cambiar o contrasinal**.




📧 Importante! Debe **marcar a opción de recibir notificacións** se desexa que se lle envíe un correo cando se publique unha nova oferta que encaixe co seu perfil.

💡 Importante! Debe **marcar a opción de aparecer nas busca** se desexa que as empresas poidan consultar o seu perfil e contactar con vostede directamente.



# 03
# Editar currículum

Consultar e modificar o CV

# Editar currículum

Pode **consultar e modificar o seu currículum vítae en calquera momento**. Este **arquivo en PDF** será envíado como achega nos correos de solicitude ás ofertas de emprego polo que lle recomendamos que o teña actualizado.






Gabit

# 04
# Buscar ofertas de emprego

Busca directa por familia e ciclo formativo

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL UNIVERSIDADE LABORAL

# Busca de ofertas

O método máis directo para buscar as ofertas de emprego é directamente dende a páxina principal onde aparecerá unha imaxe con cada familia profesional e as ofertas que están publicadas e actualmente activas na bolsa.



XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL UNIVERSIDADE LABORAL

# Busca de ofertas

Premendo sobre a familia aparecerá a mesma opción que ten dispoñible no panel, para **filtrar as ofertas por familia ou ciclo formativo**. Ao seleccionar calquera oferta irá á súa vista en detalle, onde aparecerá ademais da información publicada sobre o posto ofertado, o botón "**Solicitar oferta**" que lle permitirá presentar a súa candidatura ao posto.






# Busca de ofertas

No momento de solicitar a oferta pódese **engadir un texto personalizado** dirixido ao empregador/a, aportando información adicional. Tamén **lémbrase que pode modificar o currículum en calquera momento** para adaptalo ás posibles ofertas. O currículum que está subido á plataforma será enviado como anexo no correo electrónico de solicitude que recibirá a empresa. **A empresa valorará a candidatura e porase en contacto con vostede**.



# Grazas!